



XUNTA DE GALICIA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: REGULAMENTACIÓN L.A.M.T. PAL805 "FRIOL 5" ENTRE APOIOS 55-11-1 e 55-11-5-CT.Expediente: 2022-58-ATE

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio
Palas de Rei	María Otilia Camoira Arias	05/02/2026	12:30	2

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 23 de outubro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 2985

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: INSTALACIÓN DE INTERRUPTOR TC NO APOIO Nº 183 DA LMTA LUG802 (GUNTÍN). Beneficiaria: UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. Expediente: 2022/06-ATE

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio
Guntín	Carmen Cienfuegos Jovellanos Navia-Ororio	19/02/2026	10:00	1

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 23 de outubro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 2986

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: REGLAMENTACIÓN LMTA DC CHA811-CHA813 -APOYOS D2, D3, D9, D13 Y D26 (CHANTADA). Expediente: 2022/36-ATE

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Pedio
Chantada	J. Antonio Aguiar Garcia	19.02.2026	12:00	1
	Jose Manuel Fernández Fernández		12:30	7
	María Isabel Vázquez Suárez		13:00	8

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 23 de outubro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 2987

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: ADECUACIÓN LMTA BCR807 ENTRE APOIOS Nº 268 E CT 27AJ75 (CONCELLO DE CERVANTES). Expediente: 2022/42-ATE

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Pedio
Cervantes	Monte Vecinal de Donis (FISCAL)	25.02.2026	10:30	2
	Hdos de Herminia González Quiroga			3
	Rpte María Rosa Fernández González			

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 23 de outubro de 2025.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 2994

EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO
SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE CINCO (5) PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLÚIDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE CINCO (5) PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

Nas Ofertas de Emprego desta Entidade para os anos 2018 e 2019 (BOP núm. 296 do 28.12.2018, corrección erro BOP núm. 038, 14.02.2019 e BOP núm. 299, do 31.12.2019), inclúense as prazas/postos números 908/1474, 909/1475, 910/1476, 911/1477 e 960/1642, denominadas Técnico/a administración xeral, grupo A - subgrupo A1 do cadro de persoal funcionario, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 5 prazas denominadas Técnico/a administración xeral, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados Técnico/a administración xeral asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das prazas que a continuación se relaciona, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para prover as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
20182019	5	908	Técnico/a	F	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	1474
		909	administración				1475
		910	xeral/ Técnico/a				1476
		911	administración				1477
		960	xeral				1642

2º. Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo. (BOP 238, de 16.10.2025).

3º Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir 5 prazas/postos de Técnico/a administración xeral / Técnico/a administración xeral, reservadas a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR CINCO (5) PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas nos Boletíns Oficial da Provincia números 238 do 16.10.2025.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
20182019	5	908	Técnico/a	F	Escala de administración xeral, subescala técnica	A-A1	1474
		909	administración				1475
		910	xeral/ Técnico/a				1476
		911	administración				1477
		960	xeral				1642

3. COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao contido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento á base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Licenciatura, Grao Universitario, Enxeñería, Arquitectura ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na Escala de administración xeral, Subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, praza Técnico/a de xestión.

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na superación dos seguintes exercicios

5.1. PRIMEIRO EXERCICIO - TEÓRICO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 120 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, relacionadas co programa contido na base específica 6, nun tempo máximo de 140 minutos.

As preguntas terán 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O Tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

O exercicio puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Acudírase a puntuar as preguntas de reserva só no suposto de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.2 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

Para a realización desta proba os aspirantes poderán vir provistos da normativa que consideren, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados ou comentados, formularios ou similares.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

5.3 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6. PROGRAMA DE ACCESO A CINCO (5) PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

6.A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. Procedemento da reforma.

2. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns na Constitución Española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais. A protección xurisdicional dos dereitos fundamentais da persoa. O recurso de amparo.

3. A Coroa. As funcións constitucionais do Rei. O referendo. As Cortes Xerais. Composición, elección e disolución. Atribucións. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

4. O Goberno na Constitución española de 1978. A designación e a remoción do Presidente do Goberno. As funcións do Presidente do Goberno. A Administración Pública na Constitución.

5. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Ordes xurisdiccionais, clases de órganos xurisdiccionais.

6. Organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A Administración do Estado. Administración central e periférica. A Administración Institucional. Os órganos consultivos. Especial consideración do Consello de Estado.

7. A organización institucional das Comunidades Autónomas. O Estatuto da Autonomía de Galicia.

Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. Competencias.

8. O réxime local español: principios constitucionais. Regulación xurídica. A autonomía local na Constitución española de 1978.

9. A provincia no réxime local. A provincia como entidade local. Organización provincial. Competencias. A cooperación municipal.

10. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

11. A modernización da Administración Pública e a calidade na prestación dos servizos. A administración electrónica.

12. Sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. O principio de legalidade.

13. Normas supraestatais. Normas estatais. Normas autonómicas. Normas locais.

14. O procedemento administrativo común. Os interesados. Fases do procedemento administrativo común: Iniciación, ordenación, instrución, finalización e execución. O expediente administrativo e os principais documentos administrativos nel contidos.

15. O Dereito Financeiro: Concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. Os recursos das Facendas locais no marco do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

16. O Orzamento Xeral das Entidades Locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás Bases de execución do orzamento. A prórroga do Orzamento.

17. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta.

18. A Deputación de Lugo e as súas competencias. Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. Órganos de xestión descentralizada para a xestión dos servizos e órganos de xestión administrativa. A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

19. A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. As potestades administrativas. Potestade regrada e discrecional: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

20. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Dos órganos das Administracións Públicas: Os órganos administrativos: concepto e tipoloxía. Organización administrativa. A personalización das Administracións Públicas. A potestade organizativa.

21. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Os interesados no procedemento. A actividade das Administracións Públicas: normas xerais de actuación. Termos e prazos.

22. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Os actos administrativos: concepto, elementos, clases. Forma, motivación. A eficacia: o principio de autotutela declarativa. Nulidade e anulabilidade.

23. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Garantías do procedemento. Iniciación.

24. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Ordenación. Instrución. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

25. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións sobre o procedemento administrativo común: Finalización. Execución.

26. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Declaración de lesividade e revogación. Recursos administrativos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

27. A Xurisdición Contencioso-Administrativa. A súa natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo. Causas de inadmisibilidade.

28. A potestade sancionadora: Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. As sancións administrativas: concepto, natureza e clases. O procedemento sancionador. A potestade sancionadora local.

29. A responsabilidade da Administración Pública: caracteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción de responsabilidade. Especialidades do procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

30. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiadora. Referencia ás singularidades procedementais. O xurado de expropiación forzosa de Galicia.

31. As partes nos contratos do sector público. Órganos de contratación. O Perfil de Contratante. Capacidade e solvencia do empresario. Sucesión na persoa do contratista. Competencia en materia de contratación nas entidades locais.

32. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público: racionalidade e consistencia, liberdade de pactos e contido mínimo do contrato, perfección e forma do contrato. Normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

33. Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público. Preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

34. Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.

35. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

36. Os contratos das Administracións públicas. Tipos de Contrato, especialidades de cada tipo contractual.

37. A execución do orzamento de gastos e ingresos. Clases de pagos: a xustificar e anticipos de caixa fixa. Gastos plurianuais e de tramitación anticipada. Os proxectos de gasto. Gastos con financiamento afectado.

38. A estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Principios xerais. Obxectivos da estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra do gasto para as corporacións locais.

39. Orzamento xeral das Entidades Locais: concepto e contido Especial referencia as bases de Execución do Orzamento. Elaboración e aprobación do Orzamento Xeral. A prórroga orzamentaria.
40. A administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local. Fontes do ordenamento xurídico local
41. A potestade normativa das Entidades Locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración e aprobación. O regulamento orgánico. Os bandos.
42. Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo. O estatuto dos membros da Corporación Local.
43. Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo. Control e fiscalización das actuacións das actuacións dos órganos de goberno. A participación cidadá.
44. Municipio: concepto e elementos. Competencias municipais. Os servizos mínimos. O termo municipal: alteración de termos municipais. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O Estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros organización municipal. Réximes especiais.
45. A provincia como entidade local. As relacións entre as comunidades autónomas e as Deputacións provinciais.
46. As competencias da Deputación Provincial. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios. Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.
47. Outras Entidades locais. Lexislación básica e lexislación autonómica. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas.
48. Relacións entre a Administración estatal, autonómica e local: técnicas de colaboración, cooperación e coordinación na normativa estatal e galega.
49. A transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais e do encargo de xestión
50. Singularidades do procedemento administrativo das entidades locais. Impugnación dos actos e acordos locais e exercicio de accións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais. Certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos.
51. Sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. Elección de Deputados Provinciais e Presidentes. A censura e a cuestión de confianza no ámbito local. O recurso contencioso-electoral.
52. Réxime de sesións dos órganos de goberno local: celebración de sesións, debates e votacións. Control e fiscalización do Pleno. As actas. Réxime de delegacións.
53. Estatuto dos membros das Corporacións Locais: adquisición, suspensión e perda da condición de membro da corporación. Dereitos e deberes. Grupos políticos. Rexistro de intereses. O estatuto do veciño: Dereitos de deber, información e participación cidadá.
54. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. A estrutura do emprego público: ordenación de postos de traballo. Ordenación do persoal. Planificación do emprego público. Promoción profesional, provisión de postos de traballo e mobilidade.
55. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Adquisición e perda da relación de servizo. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións. Situacións administrativas.
56. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes dos empregados públicos: Código de conduta. Dereitos económicos e protección social. Dereitos de exercicio colectivo.
57. Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Réxime disciplinario. Incompatibilidades.
58. Igualdade de xénero. Incorporación da muller á vida laboral, política e social. Aspectos económicos e sociais. A política de igualdade de xénero en España: a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
59. As fontes do ordenamento xurídico I. Teoría xeral e regulación no Código Civil. Articulación do sistema de fontes: principio de xerarquía e competencia. A Constitución: carácter normativo directo e o principio de información de todo o ordenamento. O Dereito da Unión Europea: Tratados e Dereito derivado. As relacións entre o ordenamento estatal e os autonómicos.
60. As fontes do ordenamento xurídico II. A lei e normas con rango de lei: concepto e clases; tipos, elaboración e aprobación. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedementos de elaboración. Límites e control da potestade regulamentaria.

61. Concepto de Dereito Mercantil. Teoría do acto de comercio: contido actual. Especialidades do Dereito Mercantil en materia de fontes. O Código de Comercio vixente: a súa estrutura. Relevancia das normas de Dereito da Unión Europea.
62. Sociedades mercantís públicas: concepto, natureza e réxime xurídico. Delimitación entre sociedades mercantís estatais e entidades públicas empresariais. Regulación principal na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.
63. O control interno da actividade económico-financeira das entidades locais. A función interventora. O control externo da actividade económico-financeira do sector público. A fiscalización do Tribunal de Contas. A xurisdición contable: procedementos.
64. A contabilidade nas entidades locais: principios, competencias e fins da contabilidade. As instrucións de contabilidade. Documentos contables e libros de contabilidade. A Conta Xeral: contido e tramitación.
65. A tesourería das entidades locais: Réxime xurídico, funcións e organización. O principio de unidade de caixa. A realización de pagos. O cumprimento dos prazos de pago: o período medio de pago. O plan de tesourería e o plan de disposición de fondos.
66. Subvencións nas entidades locais: normativa autonómica e estatal. Disposicións comúns ás subvencións. Concesións, órganos competentes, beneficiarios e procedementos de concesión.
67. Subvencións nas entidades locais. Normativa autonómica e estatal: xustificación e control financeiro. Reintegro. Infraccións e sancións.
68. Réxime xurídico do ordenamento tributario. Principios e normas tributarias xerais no ordenamento tributario. A relación xurídica tributaria: concepto e elementos. Feito imponible. Devindicación. Exencións. Suceso activo e suceso pasivo. Sucesores. Responsables. A representación. O domicilio fiscal.
69. A facenda local na Constitución. A potestade regulamentaria das entidades locais en materia tributaria: as ordenanzas fiscais, contido, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación dos tributos. O establecemento de recursos non tributarios.
70. Recursos das Facendas Locais: impostos, taxas, prezos públicos, contribucións especiais. participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. As operacións de crédito.
71. O Imposto sobre Bens Inmóveis. O Imposto sobre Actividades Económicas.
72. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. O Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.
73. A xestión, recadación e inspección dos recursos das facendas locais. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas Entidades Locais en municipios de réxime común e gran poboación.
74. Instrumentos de ordenación territorial. As relacións entre o urbanismo e a ordenación do territorio. A Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral. A Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese: obxectivos.
75. Lexislación estatal do solo: disposicións xerais. Bases do réxime do solo. As situacións básicas do solo e as clasificacións urbanísticas. O Real decreto lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.
76. A lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: obxectivos e principios xerais. Clases e categorías de solo. Aspectos da función urbanística. O Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clasificación. Solo rústico, solo urbano, solo urbanizable e solo de núcleo rural: réxime xurídico.
77. O plan urbanístico na normativa urbanística galega. Clases de plans. Elaboración e aprobación de plans. Efectos da aprobación. Iniciativa e colaboración dos particulares. Publicidade, vixencia e efectos. Modificación e revisión de plans. Usos e obras provisionais. Normas de aplicación directa na normativa urbanística galega.
78. A execución do plan urbanístico. Os diferentes sistemas de execución dos plans. A intervención do uso e edificación do solo. A disciplina urbanística. Protección da legalidade urbanística.
79. As competencias das entidades locais en materia de medio ambiente. A protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica.
80. Competencias locais en materia de xestión dos residuos urbanos. O abastecemento de auga e a evacuación e tratamento de augas residuais.
81. Protección da salubridade pública. As competencias sanitarias das entidades locais. Cemiterios e actividades funerarias. O control ambiental de actividades.

82. Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións).
83. Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de protección (servidumes e outras limitacións).
84. O Dereito Internacional Público: concepto, caracteres e estrutura. Principios fundamentais. O sistema de fontes do Dereito Internacional Público.
85. Os tratados internacionais: concepto e clases. Os órganos competentes para a celebración dos tratados internacionais. A entrada en vigor. Efectos, interpretación e aplicación. Emenda e modificación. Nulidade, terminación e suspensión dos tratados.
86. A delimitación de competencias entre a UE e os seus Estados Membros: o principio de atribución de competencias. Delimitación, catálogo e categorización de competencias. A cláusula de flexibilidade para a atribución de novas competencias.
87. O sistema normativo da Unión Europea (I): o Dereito primario. Os Tratados constitutivos. Ámbitos de aplicación territorial, material e temporal. A reforma dos Tratados da Unión tralo de Lisboa: procedemento ordinario e simplificado de revisión.
88. O sistema normativo da Unión Europea (II): o Dereito derivado. Natureza e sistema. Actos típicos e atípicos. O Dereito Internacional. Os principios xerais do dereito.
89. As relacións entre o Dereito da Unión Europea e os ordenamentos internos dos Estados Membros. O principio de eficacia directa do Dereito Comunitario. O principio da primacía. O principio de tutela xudicial e cautelar. O principio de responsabilidade patrimonial do Estado.
90. A política de desenvolvemento rexional da Unión Europea. Instrumentos: Fondos estruturais, Fondo de Cohesión e outros.

Lugo, 28 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2997

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2018.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2018.

Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2018 (BOP núm. 296 do 28.12.2018 e corrección erro BOP núm. 038, 14.02.2019), inclúense as prazas/postos números 912/1478, 913/1479, 914/1480 e 915/1481, denominadas Técnico/a de Xestión, grupo A subgrupo A2 do cadro de persoal funcionario, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 4 prazas denominadas Técnico/a de Xestión, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados Técnico/a de Xestión asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das prazas que a continuación se relacionan, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para prover as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2018	4	912 913 914 915	Técnico/a de Xestión/ Técnico/a de Xestión	F	Escala de administración xeral, subescala xestión	A-A2	1478 1479 1480 1481

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na deputación provincial de Lugo. (BOP 238, de 16.10.2025).

3º Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexeran o procedemento selectivo para cubrir 4 prazas/postos de Técnico/a de Xestión/ Técnico/a de Xestión, reservadas a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR CATRO (4) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE DO ANO 2018.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 238 do 16.10.2025.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2018	4	912 913 914 915	Técnico/a de Xestión/ Técnico/a de Xestión	F	Escala de administración xeral, subescala xestión	A-A2	1478 1479 1480 1481

3. COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao cometido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento á base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Licenciatura, Grao Universitario, Diplomatura universitaria, Enxeñería técnica, Arquitectura técnica ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na Escala de administración xeral, Subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1, praza Administrativo/a.

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na superación dos seguintes exercicios

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO - TEÓRICO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, relacionadas co programa contido na base específica 6, nun tempo máximo de 120 minutos.

As preguntas terán 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O Tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

O exercicio puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Acudirase a puntuar as preguntas de reserva só no suposto de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.2 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

Para a realización desta proba os aspirantes poderán vir provistos da normativa que consideren, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados ou comentados, formularios ou similares.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

5.3 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6. PROGRAMA DE ACCESO A CATRO (4) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A, SUBGRUPO A2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE DO ANO 2018.

6.A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución. Significado e clases. A Constitución Española de 1978. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.

2. O título preliminar da Constitución de 1978. Os principios constitucionais: o estado social e democrático de dereito. Outros principios e valores regulados no título preliminar.

3. Os dereitos e deberes fundamentais, as liberdades públicas e os principios reitores da política social e económica na Constitución española de 1978. A protección e suspensión dos dereitos fundamentais.

4. O poder lexislativo. As Cortes xerais. O Defensor do pobo e o Tribunal de contas.

5. O Goberno no sistema constitucional español. O Presidente do goberno. As funcións constitucionais do Presidente do goberno. O Goberno: composición e funcións constitucionais.
6. A administración pública na Constitución de 1978. Principios de actuación administrativa.
7. O poder xudicial. Regulación constitucional da xustiza. O Consello xeral do poder xudicial. O Tribunal constitucional na Constitución. A organización da administración de xustiza en España.
8. A organización político-institucional e administrativa das Comunidades autónomas. O sistema da distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Organización institucional da C. A. de Galicia.
9. A Unión Europea: orixe e evolución. Institucións comunitarias, organización e competencias. O Comité das Rexións. A Carta Europea da Autonomía Local.
10. Os conceptos de administración pública e dereito administrativo. O sometemento da administración ao dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.
11. O réxime local: significado e evolución histórica. A administración local na Constitución. O principio de autonomía local: significado, contido e límites. Clases de entidades locais.
12. O dereito financeiro: concepto e contido. A facenda local na Constitución. O réxime xurídico das facendas locais.
13. As fontes do dereito administrativo. A normativa supraestatal. A normativa estatal: a Constitución como norma xurídica.
14. A lei e as disposicións do Goberno con forza de lei. O regulamento. O ordenamento xurídico das CC. AA. Outras fontes do dereito administrativo.
15. A relación xurídico administrativa. As persoas xurídicas públicas: clases. Capacidade das persoas públicas.
16. Os interesados. A capacidade de obrar. Concepto de interesado. Representación. Pluralidade de interesados. Identificación de interesados.
17. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e a forma.
18. A eficacia dos actos administrativos: executividade e efectos. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A demora e retroactividade da eficacia.
19. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.
20. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
21. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. Dereitos dos cidadáns. A lingua dos procedementos. Dereito de acceso a arquivos e rexistros.
22. A iniciación do procedemento. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: intervención dos interesados, proba e informes.
23. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. a desistencia e a renuncia. A caducidade.
24. A execución dos actos administrativos: título e executoriedade. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización.
25. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.
26. As reclamacións administrativas previas ó exercicio de accións civís e laborais. As reclamacións económica-administrativas. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

27. As fontes do dereito local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.
28. A potestade regulamentaria das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. O regulamento orgánico. Os bandos.

29. O municipio: concepto e elementos. A organización municipal. Competencias municipais. Os servizos mínimos.
30. A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As relacións entre as comunidades autónomas e as deputacións provinciais.
31. Réxime xurídico dos contratos das administracións públicas. Características dos contratos de obras, de concesión de obra pública, de xestión de servizos públicos, de subministracións de servizos, de servizos, de colaboración entre o sector público e o sector privado e contratos mixtos.
32. As entidades locais como entes contratantes. Órgano de contratación competente. O contratista: capacidade, solvencia, prohibicións, clasificación.
33. A selección do contratista, actuacións previas á contratación. Procedementos, formas e criterios de adxudicación. Garantías. Perfeccionamento e formalización do contrato. Execución e modificación dos contratos. Extinción do contrato.
34. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdicionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.
35. A responsabilidade da Administración pública: caracteres. O principio de proporcionalidade. Danos resarcibles. Principios do procedemento sancionador. O procedemento de responsabilidade patrimonial da administración pública. Responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.
36. O sistema electoral local. Elección a deputados provinciais e presidente. A moción de censura no ámbito local. O recurso contencioso-electoral. O Estatuto dos membros electivos das corporacións locais.
37. Órganos de goberno provinciais. Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno provinciais. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos.
38. A xurisdición contencioso-administrativa. As partes procesuais. Obxecto do recurso contencioso-administrativo. Tramitación do proceso contencioso-administrativo. Sistema de recursos. Execución das sentenzas.
39. Competencias propias das deputacións provinciais. A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal.
40. Singularidades do procedemento administrativo das entidades locais. A revisión e revogación dos actos dos entes locais. Tramitación de expedientes. Os interesados. Abstencións e recusacións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais.
41. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. A actividade de fomento na esfera local.
42. A iniciativa pública económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. Os modos de xestión. Especial referencia á concesión de servizos e a empresa pública local. O consorcio.
43. Os bens patrimoniais das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. O inventario.
44. A función pública local. Clases de empregados públicos locais. Os instrumentos de xestión de recursos humanos. Os funcionarios con habilitación de carácter estatal. Peculiaridades do seu réxime xurídico.
45. Os funcionarios propios das corporacións locais. Selección. Provisión de postos de traballo e promoción interna.
46. A relación de servizos dos funcionarios públicos locais: dereitos e deberes.
47. Órganos de representación e negociación dos funcionarios locais. Negociación colectiva no réxime estatutario.
48. O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos traballadores nas entidades locais. Os convenios colectivos.
49. Réxime de incompatibilidades. Seguridade social e prevención de riscos laborais do persoal ao servizo das entidades locais.
50. Os recursos das facendas locais no marco do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais: dos municipios, as provincias e outras entidades locais. A imposición e ordenación de tributos e o establecemento de recursos non tributarios.
51. Réxime xurídico da recadación das entidades locais. O pagamento e outras formas de extinción das débedas. O procedemento de recadación en período voluntario. O procedemento de recadación por vía de constrinximento.

52. A participación dos municipios e das provincias nos tributos do Estado. Réximes especiais. A cooperación do Estado ós investimentos das entidades locais. Os fondos da Unión Europea para entidades locais.
53. O orzamento xeral das entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: especial referencia ás bases de execución do orzamento. A prórroga do orzamento.
54. As fases de execución do orzamento. A liquidación do orzamento: confección e aprobación, os remanentes de crédito, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería.
55. Réxime xurídico da tesourería. Concepto e funcións. Organización. A planificación financeira.
56. O control interno da actividade económico-financieira das entidades locais e os seus entes dependentes. A función interventora: ámbito subxectivo, ámbito obxectivo, modalidades e os reparos. Os controis financeiros, de eficacia e de eficiencia: ámbito subxectivo, ámbito obxectivo, procedemento e os informes.
57. O control externo da actividade económico-financieira das entidades locais e os seus entes dependentes. O Tribunal de contas e os órganos de control externo das Comunidades autónomas. As funcións fiscalizadora e xurisdiccional.
58. Análise da políticas públicas. Concepto. Clases: políticas reactivas e anticipativas. Os actores intervincentes nos procesos de elaboración e aplicación de políticas públicas.
59. Os procesos de elaboración e posta en práctica de políticas públicas. As súas fases. A identificación dos problemas, a formulación das políticas, a toma de decisións e a posta en práctica. A avaliación das políticas públicas. Continuidade e finalización das políticas públicas.
60. As transformacións da xestión pública contemporánea: a nova xestión pública. Principios e técnicas. O cidadán como cliente. A ética na xestión pública.

Lugo, 28 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2998

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE DO ANO 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE DO ANO 2019.

Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2019 (BOP núm. 299, do 31.12.2019), inclúense as prazas/postos números 964/1646, 965/1647, 966/1648 e 967/1649 denominadas Administrativo/a Grupo C Subgrupo C1 do cadro de persoal funcionario, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 4 prazas denominadas Administrativo/a, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados Administrativo/a, asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das prazas que a continuación se relaciona, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para proveer as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2019	4	964 965 966 967	Administrativo/a / Administrativo/a	F	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C-C1	1646 1647 1648 1649

2º. Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo. (BOP 238, de 16.10.2025).

3º Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir 4 prazas/postos de Administrativo/a/Administrativo/a, reservadas a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR CATRO (4) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA DO ANO OE 2019.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 238 do 16.10.2025.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2019	4	964 965 966 967	Administrativo/a / Administrativo/a	F	Escala de administración xeral, subescala administrativa	C-C1	1646 1647 1648 1649

3. COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao cometido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento á base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato, Técnico/a (FP Grao Medio, FP II Grao ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na Escala de administración xeral, subescala auxiliar, Grupo C, Subgrupo C2 , praza Auxiliar.

Así mesmo, segundo a Disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública a ausencia de titulación académica pódese obviar posuíndo unha antigüidade de dez anos na Escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C –subgrupo C2, ou cinco anos e a superación dun curso de formación específica ao que se accederá por criterios obxectivos (art. 10.4 do Regulamento de acceso, promoción e carreira (BOP nº 226, 30.09.2006)

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Segundo o estipulado na Base Xeral 8, o proceso consistirá na superación dos seguintes exercicios:

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO - TEÓRICO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 60 preguntas, máis 6 preguntas de reserva, relacionadas co programa contido na base específica 6, nun tempo máximo de 80 minutos.

As preguntas terán 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O Tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

O exercicio puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Acudirase a puntuar as preguntas de reserva só no suposto de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.2 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

Para a realización desta proba os aspirantes poderán vir provistos da normativa que consideren, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados ou comentados, formularios ou similares.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

5.3 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6. PROGRAMA DE ACCESO A CATRO (4) PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NA OE 2019.

6.A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios xerais. A reforma da Constitución.
2. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional. O defensor do pobo.
3. A Coroa. Funcións constitucionais do Rei. O Goberno. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
4. O poder lexislativo: composición, atribucións e funcionamento das Cortes Xerais. Elaboración das leis.

5. O Poder xudicial. Principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Supremo
6. Organización territorial do Estado. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. Os Estatutos de Autonomía.
7. As Comunidades Europeas. As Institucións Europeas: a Comisión, o Parlamento, o Consello e o Tribunal de Xustiza. Outras Institucións Europeas. A Unión Europea.
8. A Administración Pública no ordenamento español. Distintas Administracións. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
9. O réxime Local Español: principios constitucionais. Regulación xurídica. Distintas Entidades Locais. A Administración Local e a modernización das Administracións Públicas.
10. As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas Fiscais.
11. O réxime xurídico das Administracións Públicas: principios informadores. A competencia dos órganos das Administracións públicas. A abstención e recusación.
12. As fontes do dereito administrativo. A xerarquía das fontes. A lei. As disposicións do Executivo con forza de lei: decreto-lei e decreto lexislativo. O regulamento: concepto, clases e límites. Outras fontes do dereito administrativo.
13. Os actos administrativos: concepto, clases e elementos. Requisitos: a súa motivación e forma. Eficacia e validez dos actos administrativos. A nulidade de pleno dereito e a anulabilidade. Conversión, conservación e convalidación. Revisión e revogación. Principio de legalidade na actuación administrativa.
14. Obxecto e ámbito subxectivo de aplicación da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Concepto de interesado, representación e capacidade de obrar. Sistemas de identificación dos interesados. Sistemas de sinatura dos interesados admitidos polas administracións públicas. Uso de medios de identificación e sinatura dos interesados. Asistencia aos interesados no uso de medios electrónicos. Sede electrónica.
15. Os dereitos das persoas nas súas relacións coas administracións públicas. Dereito e obriga dos interesados de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. A lingua dos procedementos. O Rexistro Electrónico Xeral de cada administración e o arquivo electrónico único de documentos.
16. A obriga de resolver da administración. Suspensión do prazo máximo de resolver. Ampliación do prazo máximo de resolver e notificar. O silencio administrativo. Emisión de documentos electrónicos pola administración. Validez e eficacia das copias de documentos administrativos electrónicos e en papel. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo.
17. Obrigatoriedade de termos e prazos segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómputo de prazos. Cómputo de prazos nos rexistros electrónicos. Ampliación dos prazos establecidos. A tramitación de urxencia.
18. A notificación das resolucións e actos administrativos dos órganos administrativos. Condicións xerais para a práctica das notificacións. A práctica das notificacións a través de medios electrónicos. A práctica das notificacións en papel. Notificación infrutuosa. A publicación.
19. Garantías do procedemento: dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo. Iniciación do procedemento: Clases. Información e actuación previas. Medidas provisionais. Acumulación. Iniciación de oficio. Iniciación por persoa solicitante. As solicitudes de iniciación e a súa emenda e mellora. A declaración responsable e comunicación.
20. Fases do procedemento administrativo común das administracións públicas: ordenación, instrución e remate. A execución. O procedemento administrativo local.
21. Os recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais da tramitación de recursos administrativos. Clases de recursos.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

22. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.
23. O municipio: concepto e elementos. Organización municipal. Competencias.
24. A Deputación Provincial de Lugo: organización e competencias. Órganos de goberno e organización administrativa. Funcionamento dos órganos de goberno. Convocatoria e orde do día. Réxime de sesións e acordos. Votacións. Actas e certificacións de acordos O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202 do 03.09.2020).
25. Ordenanzas e Regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedementos de elaboración e aprobación. Os bandos.

26. Relacións entre os entes locais e as restantes entidades territoriais. Autonomía municipal e tutela.
27. Os bens das entidades locais. A súa clasificación: bens de dominio público, bens patrimoniais e bens comunais. Adquisición de bens por parte das entidades locais. Alteración da cualificación xurídica dos bens locais. Inventario de bens. Prerrogativas das entidades locais para a defensa dos seus bens.
28. A actividade subvencional da Administración Pública Local. Procedemento de concesión e xestión das subvencións. Reintegro de subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.
29. Os recursos das facendas locais. Os tributos locais: taxas, contribucións especiais e impostos. O imposto sobre bens Inmóbles. O imposto sobre actividades económicas. O imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
30. O orzamento xeral das entidades locais. Concepto e contido. Especial referencia ás bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do orzamento. A estrutura orzamentaria. A prórroga do orzamento.
31. As fases de execución do orzamento. As modificacións de crédito. A liquidación do orzamento. Tramitación. Os remanentes de crédito. O resultado orzamentario. O remanente de tesouraría. A consolidación orzamentaria.
32. Contratación do sector público. Ámbito de aplicación. Delimitación dos tipos contractuais. Partes no contrato. Obxecto.
33. Preparación dos contratos das administracións públicas. Adxudicación. Efectos, cumprimento e extinción. O perfil do contratante.
34. O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Adquisición e perda da relación de servizo. A oferta de emprego público.
35. Dereitos dos empregados públicos: A carreira administrativa: a provisión de postos de traballo, a promoción interna e sistema retributivo. Deberes dos empregados públicos. Código de conducta dos funcionarios locais.
36. As situacións administrativas do persoal funcionario. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.
37. A protección de datos persoais. Réxime xurídico. Normativa comunitaria e nacional relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. Principios e dereitos. Obrigacións. A Axencia de Protección de Datos: competencias e funcións.
38. Políticas de igualdade de xénero. Lexislación reguladora para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Políticas contra a violencia de xénero. Normativa sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.
39. Atención ao público. Atención de persoas con discapacidade. Os servizos de información administrativa. Información xeral e particular ao cidadán. Iniciativas. Reclamacións. Queixas. Peticións.
40. A Lei de prevención de riscos laborais: Obxecto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Dereitos e obrigas do persoal ao servizo da administración pública. Consulta e participación dos traballadores.

Lugo, 28 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2999

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 24 DE OUTUBRO DE 2025 NA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE DÚAS (2) PRAZAS DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de outubro de 2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA DE DÚAS (2) PRAZAS DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

Nas Ofertas de Emprego desta Entidade para os anos 2018 e 2019 (BOP núm. 296 do 28.12.2018, corrección erros BOP núm. 038, do 14.02.2019 e BOP núm. 299, do 31.12.2019), inclúense as prazas/postos números 527/1326 e 963/1645, denominadas Auxiliar/Auxiliar Grupo C Subgrupo C2 do cadro de persoal funcionario, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 2 prazas denominadas Auxiliar, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados Auxiliar asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das praza que a continuación se relaciona, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), ACORDE:

1º Aprobar a convocatoria para prover as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2018 2019	2	527 963	Auxiliar / Auxiliar	F	Escala de administración xeral, subescala auxiliar	C-C2	1326 1645

2º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo. (BOP 238, de 16.10.2025).

3º. Aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais que rexerán o procedemento selectivo para cubrir 2 prazas/postos de Auxiliar /Auxiliar, reservadas a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR DÚAS (2) PRAZAS, DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADA Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

1. OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 10.10.2025 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 238 do 16.10.2025.

2. CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	NÚM. VACANTES	Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO	RX	CLASIFICACIÓN	GRUPO/SUBGR	Nº POSTO
2018 2019	2	527 963	Auxiliar / Auxiliar	F	Escala de administración xeral, subescala auxiliar	C-C2	1326 1645

3. COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao contido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento a base xeral 4.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna, Agrupación Profesional.

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na superación dos seguintes exercicios

5.1.- PRIMEIRO EXERCICIO - TEÓRICO

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas, máis 4 preguntas de reserva, relacionadas co programa contido na base específica 6, nun tempo máximo de 60 minutos.

As preguntas terán 3 respostas alternativas das que só unha será a correcta.

O Tribunal procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa.

O exercicio puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Acudirase a puntuar as preguntas de reserva só no suposto de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1

5.2 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

Para a realización desta proba os aspirantes poderán vir provistos da normativa que consideren, excluíndose textos doutrinais, textos legais concordados, anotados ou comentados, formularios ou similares.

Esta proba será realizada e/ou transcrita, a criterio do Tribunal, utilizando as ferramentas informáticas que sexan necesarias.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 30 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 15 puntos para superalo.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 8.1.1.

5.3 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superala obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6. PROGRAMA DE ACCESO A (2) PRAZAS, DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C, SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, INCLUÍDAS NAS OE DOS ANOS 2018 E 2019.

6.A) MATERIAS COMÚNS

1. A Constitución española de 1978: estrutura e principios xerais. O Tribunal Constitucional. A reforma constitucional.
2. Nocións xerais sobre a Coroa e os Poderes do Estado.
3. Réxime local español. Principios xerais e regulación xurídica.
4. As Comunidades Autónomas: constitución e competencias. O Estatuto de Autonomía para Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Idea xeral sobre as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

5. Organización territorial do Estado na Constitución. O municipio: organización municipal e competencias. Outras entidades Locais. Mancomunidades, Agrupacións. A comarca. Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio.
6. A provincia no réxime local. A Deputación de Lugo: organización e competencias. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificacións de acordos. O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202 do 03.09.2020): órganos de decisión colexiados e unipersoais e organización complementaria.
7. Principios de actuación da Administración Pública. Tipoloxía dos entes públicos: as Administracións do Estado, Autonómica, Local e Institucional. A Unión Europea: o dereito derivado: regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames. As institucións da Unión Europea: o Parlamento, o Consello Europeo, o Consello e a Comisión.
8. O sometemento da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. As leis: concepto e clases. As disposicións do executivo con forma de Lei: Decretos-Lei e Decretos legislativos. Os regulamentos: concepto e clases. Outras fontes de dereito. A potestade regulamentaria na esfera local. Ordenanzas, Regulamentos e Bandos; procedemento de elaboración e aprobación.
9. A protección de datos persoais: Normativa e réxime xurídico. Principios e dereitos. Obrigacións. A Axencia de Protección de Datos. A igualdade de xénero: Políticas de igualdade de xénero. Lexislación reguladora para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Principios xerais. Políticas contra a violencia de xénero. Discapacidade e dependencia.
10. Concepto de interesado. Identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo. Asistencia e asesoramento ao usuario. Dereitos e obrigas dos interesados nas súas relacións coas administracións públicas. Información administrativa e atención ao cidadá nos canles presencial, electrónico e telefónico. A web e a sede electrónica.
11. Os rexistros: concepto e función. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Validez e eficacia das copias realizadas polas administracións públicas. Termo e cómputo de prazos.
12. Os documentos públicos: Concepto, clases, función e características dos documentos administrativos (especial referencia ás notificacións e práctica das notificacións). Formación do expediente administrativo. O arquivo de documentos.
13. O acto administrativo: concepto, clase e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos: notificación e publicación. Validez. A nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Irregularidades non invalidantes. Conversión, conservación e convalidación.
14. Fases do procedemento administrativo. Fase de iniciación. Formas de iniciación. Documentos dos interesados. A solicitude. Subsanación e mellora da solicitude. Declaración responsable e comunicación.
15. A obriga de resolver. O silencio administrativo. Fase de ordenación, instrución e remate. A execución. A revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos. Conceptos e clases.
16. O persoal ao servizo das Entidades Locais. Clases. O ingreso á función pública. Adquisición e perda da condición de empregado público. Os dereitos e deberes do persoal ao servizo dunha administración local. As situacións administrativas. Incompatibilidades. O código de conduta. Principios éticos e de conduta. Réxime disciplinario.
17. As Facendas Locais: clasificación dos recursos. Ordenanzas Fiscais.

18. Os Orzamentos Locais: estrutura e procedemento de aprobación. Réxime xurídico do gasto público local.
19. O contrato administrativo. Concepto. Clases. A actividade subvencional das Administracións públicas.
20. Competencias dixitais: Verificación básica de funcionamento do equipamento informático; manexo a nivel usuario de: intranet, internet, correo electrónico, axendas electrónicas, procesadores de textos, follas de cálculo e bases de datos.

Lugo, 28 de outubro de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3000

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Pleno da Corporación do Concello de Baleira, na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2025, aprobou inicialmente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Baleira (RPT).

De conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o expediente sométese a información pública por un prazo de vinte días, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron suxestións, reclamacións, ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. En caso de non producirse reclamacións ou alegacións, o acordo considérase definitivamente aprobado sen necesidade de novo pronunciamento plenario.

O texto da relación de postos de traballo pode consultarse nas dependencias municipais ou no portal de transparencia da sede electrónica do concello de Baleira.

Baleira, 30 de outubro de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3018

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 TECNICO/A OU INFORMADOR/A DE TURISMO A XORNADA COMPLETA DURANTE 8 MESES , EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, CON CARGO AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2025 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de 1 técnico/a ou informador/a de Turismo para o Concello de Cospeito, mediante a modalidade de funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal a xornada completa por un período de 8 meses, ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, dentro do programa -Programa de Reforzo do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social.

A presente convocatoria e bases será publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na web e sede electrónica do Concello de Cospeito.

Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal.

2.- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

3.- FUNCÍONS.

Colaborar na organización e promoción de eventos do Concello.

Programación e promoción do turismo do Concello de Cospeito.

Participar nas distintas campañas de publicidade que organiza o Concello.

Coordinar grupos turísticos, recepción, traslado, acompañamento e guía.

Visitas guiadas o Museo das Aves e a Lagoa de Cospeito.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación reservase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos.

- RETRIBUCIÓN

Grupo profesional: C/c1 réxime xurídico: funcionario interino (execución de programas de carácter temporal)

- S.B.: 861,46€

- complemento destino: 472.37€

- complemento específico.: 272€

- total: 1605.83€

- total paga extra que corresponde a 8 meses: 1.985,24€

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego (requisito específico esixido polo programa de reforzo do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante Certificación expedida polo Servicio Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego ou que esta en situación de mellora de emprego. Dita situación deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino

3. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

4. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

